



## MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

ENTE: INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

DATA: ABRIL 2025

|                    |                                                                                                     |
|--------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Código RPT:</b> | IVO1-2024-001-M                                                                                     |
| <b>Descrición:</b> | Adaptación á nova estrutura orgánica do Decreto 143/2024 e reforzar e potenciar liñas de actuación. |

### 1.- INTRODUCCIÓN

A relación de postos de traballo (en diante, RPT) é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas.

A través da RPT a correspondente Administración pública procura organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxectivo de realizar unha eficaz prestación de servizos públicos.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) creouse pola Lei 3/1988, de 27 de abril, como instrumento para a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia.

Coa publicación do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o IGVS quedou adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como organismo autónomo, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.

Cos cambios producidos na estrutura xeral da Xunta de Galicia en consonancia coa relevancia das políticas de vivenda no contexto actual, urxe introducir mecanismos que faciliten o acceso á vivenda, particularmente para os colectivos con maiores dificultades de acceso a ela, con especial incidencia na necesidade de potenciar a creación de solo residencial destinado a vivenda para a edificación de vivenda pública e protexida, a implantación de programas de axuda tanto para o acceso á vivenda como para a rehabilitación edificatoria e a accesibilidade e a eficiencia enerxética do parque residencial. Con esta premisa foi publicado o Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 101, do 27 de maio).

En relación co Decreto 97/2014, do 24 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS, xa derogado, son introducidas as seguintes modificacións na estrutura orgánica:

a) Unidades suprimidas:

- Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección (rango de Sub. xeral)
- Servizo de Réxime Xurídico e Inspección (adscrito á Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección)
- Servizo de Xestión e Finanzamento de Vivendas de Promoción Pública (adscrito á Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección)
- Servizo de Planificación e Desenvolvemento Normativo (adscrito á Dirección Técnica de Fomento)
- Servizo de Actuacións Protexidas en Materia de Vivenda (adscrito á Dirección Técnica de Fomento)
- Servizo de Control e Xustificación de Fondos (adscrito á Dirección Técnica de Fomento)

b) Unidades creadas::

- Dirección Técnica de Solo Residencial (rango de Sub.Xeral)
- Servizo de Xestión e Réxime Xurídico de Solo (adscrito á Dirección Técnica de Solo Residencial)
- Servizo de Actuacións Protexidas (adscrito á Secretaría Xeral do IGVS)
- Servizo de Acceso á Vivendas (adscrito á Dirección Técnica de Axudas á Vivenda)
- Servizo de Axudas á Rehabilitación (adscrito á Dirección Técnica de Axudas á Vivenda)
- Servizo de Axudas ao Alugueiro (adscrito á Dirección Técnica de Axudas á Vivenda)

c) Unidades que modifican a denominación sen cambio de dependencia:

| Órganos/unidades modificadas                                                                                       | Nova denominación                                                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
| Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade                                                                  | Dirección Técnica de Edificación e Calidade                                         |
| Dirección Técnica de Xestión Económica e Orzamentos                                                                | Dirección Técnica de Xestión Económica e Patrimonial                                |
| Dirección Técnica de Fomento                                                                                       | Dirección Técnica de Axudas á Vivenda                                               |
| Oficina Técnica (adscrita á Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade- modificada a denominación)          | Oficina Técnica de Edificación (Dirección Técnica de Edificación e Calidade)        |
| Servizo de Rehabilitación e Renovación Urbana (adscrita á Dirección Técnica de Fomento- modificada a denominación) | Servizo de Rexeneración e Renovación Urbana (Dirección Técnica de Axudas á Vivenda) |

d) Unidades que modifican a denominación e cambio de dependencia:

| Órganos/unidades modificadas             | Nova denominación e dependencia |
|------------------------------------------|---------------------------------|
| Servizo de Fianzas e Xestión de Tributos | Servizo de Fianzas e Inspección |

|                                                                                                                              |                                                                 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| Locais (Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección- suprimida)                                           | (Secretaría Xeral do I.G.V.S.)                                  |
| Servizo de Planificación e Ordenación de Solo (Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade- modificada a denominación) | Oficina Técnica de Solo (Dirección Técnica de Solo Residencial) |

e) Unidades que cambian de dependencia:

| Órganos/unidades modificadas                                                                      | Nova dependencia                                                             |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|
| Servizo de contratación (Secretaría Xeral do I.G.V.S.)                                            | Servizo de contratación (Dirección Técnica de Edificación e Calidade)        |
| Servizo de Patrimonio (Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección- suprimida) | Servizo de Patrimonio (Dirección Técnica de Xestión Económica e Patrimonial) |

Tras a entrada en vigor do citado Decreto 143/2024 do 20 de maio, a estrutura orgánica do IGVS pasa a ser a que se reflicte de seguido:

| NOVA ESTRUCTURA                |
|--------------------------------|
| <b>PRESIDENTE</b>              |
| <b>CONSELLO REITOR DO IGVS</b> |
| <b>DIRECCIÓN XERAL</b>         |

|                                                             |
|-------------------------------------------------------------|
| <b>SECRETARÍA XERAL (Rango de SDX)</b>                      |
| Servizo Xestión Recursos Humanos e Réxime Interior          |
| Servizo Técnico -Xurídico                                   |
| Servizo de Coordinación e Información en Materia de Vivenda |
| Servizo de Vivendas Protexidas                              |
| Servizo de Fianzas e Inspección                             |

|                                                 |
|-------------------------------------------------|
| <b>ASESORÍA XURÍDICA DO IGVS (Rango de SDX)</b> |
|-------------------------------------------------|

|                                                             |
|-------------------------------------------------------------|
| <b>DIRECCIÓN TÉCNICA DE SOLO RESIDENCIAL (Rango de SDX)</b> |
| Oficina Técnica de Solo                                     |
| Servizo de Xestión e Réxime Xurídico de Solo                |

| <b>DIRECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓN E CALIDADE (Rango de SDX)</b> |
|-------------------------------------------------------------------|
| Oficina Técnica de Edificación                                    |
| Servizo de Xestión de Investimento e Apoio Administrativo         |
| Servizo de Calidade                                               |
| Servizo de Contratación                                           |

| <b>DIRECCIÓN TÉCNICA DE XESTIÓN ECONÓMICA E PATRIMONIAL (Rango de SDX)</b> |
|----------------------------------------------------------------------------|
| Servizo de Orzamentos                                                      |
| Servizo de Control Interno                                                 |
| Servizo de Contabilidade e Tesourería                                      |
| Servizo de Patrimonio                                                      |

| <b>DIRECCIÓN TÉCNICA DE AXUDAS Á VIVENDA (Rango de SDX)</b> |
|-------------------------------------------------------------|
| Servizo de Acceso á Vivenda                                 |
| Servizo de Rexeneración e Renovación Urbana                 |
| Servizo de Axudas á Rehabilitación                          |
| Servizo de Axudas ao Alugueiro                              |

## **DEPARTAMENTOS TERRITORIAIS (A CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA)**

| <b>AS ÁREAS PROVINCIAS</b>                                  |
|-------------------------------------------------------------|
| <b>Xefatura de Área Provincial do IGVS da Coruña</b>        |
| Servizo Técnico                                             |
| Unidade Xurídico Administrativo (nivel que estableza a RPT) |

| <b>Xefatura de Área Provincial do IGVS de Lugo</b>          |
|-------------------------------------------------------------|
| Servizo Técnico                                             |
| Unidade Xurídico Administrativo (nivel que estableza a RPT) |

| <b>Xefatura de Área Provincial do IGVS de Ourense</b> |
|-------------------------------------------------------|
| Servizo Técnico                                       |

|                                                             |
|-------------------------------------------------------------|
| Unidade Xurídico Administrativo (nivel que estableza a RPT) |
|-------------------------------------------------------------|

|                                                          |
|----------------------------------------------------------|
| <b>Xefatura de Área Provincial do IGVS de Pontevedra</b> |
|----------------------------------------------------------|

|                 |
|-----------------|
| Servizo Técnico |
|-----------------|

|                                                             |
|-------------------------------------------------------------|
| Unidade Xurídico Administrativo (nivel que estableza a RPT) |
|-------------------------------------------------------------|

A presente memoria ten por obxecto xustificar funcionalmente a proposta de modificación da RPT do IGVS, aprobada por RESOLUCIÓN do 27 de xuño de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de xuño de 2019 polo que se aproba a relación de postos de traballo do organismo autónomo IGVS (DOG núm. 122, do 28 de xuño), que a súa vez foi modificada pola RESOLUCIÓN do 29 de abril de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproba a modificación das relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 85, do 30 de abril).

Neste marco, procede agora modificar a RPT do IGVS, atendendo as seguintes premisas:

1. Adecuar a regulación do IGVS a través do novo decreto de estrutura (Decreto 143/2024, do 20 de maio) ás determinacións contidas no Título III da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
2. Orientar a modificación organizativa a reforzar e potenciar as liñas de actuación que o IGVS debe atender en materia de vivenda e solo (residencial) nas actuais circunstancias, permitindo ademais incrementar sensiblemente a súa estrutura (de 254 postos crecer ata 262), para unha maior capacidade de xestión e para que a atención á cidadanía sexa máis áxil, eficaz e eficiente, tratando de reducir os tempos de resposta.
3. Reordenar as unidades orgánicas que se manteñen no IGVS, así como os postos de traballo aos que se lles suprimiu a unidade orgánica de orixe, ademais de dotar de postos as novas unidades orgánicas creadas, co obxecto de racionalizar e concentrar as funcións a desenvolver polo propio organismo centradas en potenciar a creación de solo residencial destinado a vivenda protexida, a edificación, a implantación de programas de axuda tanto para o acceso á vivenda como para a rehabilitación edificatoria, ademais de potenciar a accesibilidade e a eficiencia enerxética do parque residencial.

## 2.- AMORTIZACIÓNS

### 2.1- Amortizacións polo Decreto 143/2024

Como xa se indicou anteriormente, polo Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 101, do 27 de maio) débese amortizar o

seguinte centro de destino:

- Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección (rango de subdirección xeral)

E as seguintes unidades:

- Servizo de Réxime Xurídico e Inspección (adscrito á Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección)
- Servizo de Xestión e Finanzamento de Vivendas de Promoción Pública (adscrito á Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección)
- Servizo de Planificación e Desenvolvemento Normativo (adscrito á Dirección Técnica de Fomento)
- Servizo de Actuacións Protexidas en Materia de Vivenda (adscrito á Dirección Técnica de Fomento)
- Servizo de Control e Xustificación de Fondos (adscrito á Dirección Técnica de Fomento)

En consecuencia, procede as seguintes amortizacións:

### 2.1.1. Amortización Centro de Destino

Amortización do centro de destino polo Decreto 143/2024, do 20 de maio, de estrutura polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS.

| Cód. posto          | Denominación.                                                  |
|---------------------|----------------------------------------------------------------|
| MA.O11.00.003.15770 | DIRECCIÓN TÉCNICA DE XESTIÓN PATRIMONIAL, FIANZAS E INSPECCIÓN |

### 2.1.2. Amortización de postos

#### 2.1.2.1. Amortización de postos por cambio orgánico

Amortización dos postos, en virtude do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS, por centro de destino, son os seguintes:

a) Centro de destino: Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección

| Cód. Posto              | Denominación                                                              | NIVEL | Form<br>a<br>Prvo. | Subg. | Corpo<br>/<br>escala | Adscr.<br>Adm | Área<br>funcio<br>nal | Titula<br>ción<br>Acadé<br>mica | Formac<br>ión<br>Específi<br>ca |
|-------------------------|---------------------------------------------------------------------------|-------|--------------------|-------|----------------------|---------------|-----------------------|---------------------------------|---------------------------------|
| MA.O11.00.003.15770.001 | DIRECTOR/A TÉCNICO/A DE XESTIÓN PATRIMONIAL, FIANZAS E INSPECCIÓN         | 30    | LD                 | A1    | XERAL                | AXG           |                       |                                 | 640                             |
| MA.O11.00.003.15770.020 | XEFATURA SERVIZO XESTIÓN E FINANCIAMENTO DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA | 28    | CE                 | A1-A2 | XERAL                | AXG           | ECO                   | 2062                            |                                 |
| MA.O11.00.003.15770.050 | XEFATURA SERVIZO RÉXIME XURÍDICO E INSPECCIÓN                             | 28    | CE                 | A1-A2 | XERAL                | AXG           | INS                   | 2062                            |                                 |

b) Centro de destino: Dirección Técnica de Fomento

| Cód. Posto              | Denominación                                                     | NIVEL | Forma Prvo. | Subg. | Corpo / escala | Adscr. Adm. | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
|-------------------------|------------------------------------------------------------------|-------|-------------|-------|----------------|-------------|----------------|----------------------|----------------------|
| MA.O11.00.006.15770.020 | XEFACTURA SERVIZO DE PLANIFICACIÓN DESENVOLVEMENTO NORMATIVO     | 28    | CE          | A1-A2 | XERAL          | AXG         | XUR            |                      |                      |
| MA.O11.00.006.15770.040 | XEFACTURA SERVIZO DE ACTUACIÓNS PROTEXIDAS EN MATERIA DE VIVENDA | 28    | CE          | A1-A2 | XERAL          | AXG         | ECO            |                      |                      |
| MA.O11.00.006.15770.047 | XEFACTURA SERVIZO CONTROL E XUSTIFICACIÓN DE FONDOS              | 28    | CE          | A1-A2 | XERAL          | AXG         | ECO            |                      |                      |

### 2.1.2.2. Amortización de postos por cambio non orgánico

As amortizacións propostas veñen determinadas para a creación doutros postos de traballo máis necesarios noutras unidades orgánicas e para axudar ao seu financiamento. Os postos propostos para amortización son aqueles cuxa funcionalidade non supón unha mingua para a capacidade de xestión do organismo.

Os postos propostos para amortizar, por centro de destino, son os seguintes:

a) Centro de destino: Secretaría Xeral do I.G.V.S.

| Cód. Posto              | Denominación           | NIVEL | Forma Prvo. | Subg. | Corpo / escala | Adscr. Adm. | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
|-------------------------|------------------------|-------|-------------|-------|----------------|-------------|----------------|----------------------|----------------------|
| MA.O11.00.001.15770.017 | POSTO BASE SUBGRUPO C2 | 12    | C           | C2    | XERAL          | AXG         |                |                      |                      |
| MA.O11.00.001.15770.018 | POSTO BASE SUBGRUPO C2 | 12    | C           | C2    | XERAL          | AXG         |                |                      |                      |

Os dous (2) postos son vacantes, no caso do MA.O11.00.001.15770.018 está ocupado na actualidade por persoal interino, que previsiblemente supere o proceso selectivo, para o ingreso, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2. A súa amortización xustifícase na creación doutros postos de traballo máis necesarios nas unidades orgánicas, sen que isto supoña unha mingua para a capacidade de xestión.

b) Centro de destino: Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade.

| Cód. Posto              | Denominación  | NIVEL | Forma Prvo. | Subg. | Corpo/escala |
|-------------------------|---------------|-------|-------------|-------|--------------|
| MA.O11.00.004.15770.046 | POSTO BASE A1 | 20    | C           | A1    | XERAL        |

É preciso amortizar o posto base subgrupo A1 para a creación dunha Xefatura de Sección de Solo (nivel 25) polos novos cometidos que implican a xestión para desenvolver solo residencial para 25.000 vivendas, 20.000 delas protexidas, o que levará a tramitar varios contratos de redacción de Proxectos de Interese Autonómico (PIAs) para unha superficie de máis de 3,5 millóns de m<sup>2</sup>, cos seus correspondentes expedientes de expropiación, parcelación e urbanización.

O citado posto, co código MA.O11.00.004.15770.046, é vacante. A persoa, co vínculo de laboral indefinida non fixa, que o ocupa neste momento foi readmitida o 23/05/2023 por sentenza xudicial ao citado posto. A persoa está inmersa no proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1. Tras a publicación da Resolución do 20 de marzo de 2025, pola que se fai pública a relación de persoas aspirantes que superaron os procesos selectivos para o acceso a determinados corpos, escalas e especialidades, esta persoa está incluída no anexo II da citada resolución pola quenda de libre.

c) Centro de destino: Área Provincial do IGVS na Coruña:

| Cód. Posto              | Denominación           | NIVEL | Forma Prvo. | Subg. | Corpo / escala | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
|-------------------------|------------------------|-------|-------------|-------|----------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| MA.O19.10.000.15001.023 | POSTO BASE SUBGRUPO C2 | 12    | C           | AP    | XERAL          | AXG        |                |                      |                      |

Posto vacante, ocupado na actualidade por persoal interino. É preciso amortizar para creación dun posto máis necesarios na área de subvencións e tramitacións polo volume e dificultades na tramitación, sen que isto supoña unha mingua para a capacidade de xestión.

d) Centro de destino: Área Provincial do IGVS en Ourense:

| Cód. Posto              | Denominación | NIVEL | Forma Prvo. | Subg. | Corpo / escala | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
|-------------------------|--------------|-------|-------------|-------|----------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| MA.O19.10.000.32001.026 | SUBALTERNO/A | 10    | C           | AP    | XERAL          | AXG        |                |                      | 954                  |
| MA.O19.10.000.32001.027 | SUBALTERNO/A | 10    | C           | AP    | XERAL          | AXG        |                |                      | 954                  |

Os dous (2) postos son vacantes. Debido ao descenso de xestión con papel e paquetería na Administración, como consecuencia da tramitación dixital dos procedementos, un (1) posto desta denominación neste centro de destino considérase que cobre as necesidades de servizo, ademais de servir para financiar o posto de Xefatura de sección de Rexistro de Demandantes na área provincial do IGVS en Ourense.

e) Centro de destino: Área Provincial do IGVS en Pontevedra:

| Cód. Posto              | Denominación           | NIVEL | Forma Prvo. | Subg. | Corpo / escala | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
|-------------------------|------------------------|-------|-------------|-------|----------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| MA.O19.10.000.36001.017 | POSTO BASE SUBGRUPO C2 | 12    | C           | AP    | XERAL          | AXG        |                |                      |                      |

|                         |              |    |   |    |       |     |  |  |     |
|-------------------------|--------------|----|---|----|-------|-----|--|--|-----|
| MA.O19.10.000.36001.031 | SUBALTERNO/A | 10 | C | AP | XERAL | AXG |  |  | 954 |
|-------------------------|--------------|----|---|----|-------|-----|--|--|-----|

Os dous (2) postos son vacantes, ocupados na actualidade por persoal funcionario interino. O posto MA.O19.10.000.36001.017, propónse a súa amortización para poder crear un (1) posto base C1 na oficina de Vigo, máis necesario polas tarefas a desenvolver e polo núm. de persoas administradas que se atenden nese centro.

En canto ao posto MA.O19.10.000.36001.031 (SUBALTERNO/A), ao igual que na Área provincial do IGVS en Ourense, debido ao descenso de xestión con papel e paquetería na Administración e como consecuencia da tramitación dixital dos procedementos, un (1) posto desta denominación neste centro de destino considérase que cobre as necesidades de servizo.

### 3.-CREACIÓNS

#### 3.1- Creacións de centro de destino

**Motivo do Cambio:** CAMBIO ORGÁNICO

**Xustificación Textual:** Centro creado polo Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 101, do 27 de maio)

| Cód. Posto      | Denominación                          |
|-----------------|---------------------------------------|
| IVO110000715770 | DIRECCIÓN TÉCNICA DE SOLO RESIDENCIAL |

#### 3.2.- Creacións de postos funcionarios

##### 3.2.1.- Creacións de postos de funcionarios por cambio orgánico

A proposta de modificación da RPT, ademais de actualizar as unidades suprimidas e as creadas pola nova estrutura orgánica, reorganiza e modifica a denominación e características, no seu caso, dos postos existentes para adecualos as distintas unidades administrativas e as súas funcionalidades.

Por cambio orgánico, créanse os mesmos núm. de postos que se suprimen (6) e do mesmo rango.

Os postos propostos para súa creación, por centro de destino, son os seguintes:

##### 3.2.1.1. CENTRO DE DESTINO: SECRETARÍA XERAL DO I.G.V.S.

###### 3.2.1.1.1.- Servizo de Vivenda Protexida

É unha unidade de nova creación polo Decreto 143/2024, do 20 de maio. Como consecuencia da supresión da Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, Fianzas e Inspección, esta

unidade dótase de competencias relativas ao réxime xurídico das vivendas protexidas de promoción pública (VPP) pero tamén de protección autonómica (VPA). Esta última estaba asociada á modificada Dirección Técnica de Fomento. As funcións encomendas xustifican a nova creación e dotación de postos no servizo.

Polas funcións encomendadas de elaboración de proxectos de disposicións, instrucións e directrices sobre o réxime xurídico das vivendas protexidas de promoción pública e de protección autonómica, ademais da coordinación coas áreas provinciais no relativo ao réxime xurídico destas vivendas debe conter a titulación académica 2062 (LIC./GRAO DEREITO).

| CREACIÓN POR ESTRUCTURA ORGÁNICA |                                                |                                    |       |             |          |              |            |                |                      |                      |
|----------------------------------|------------------------------------------------|------------------------------------|-------|-------------|----------|--------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| Cód. Posto                       | Denominación                                   | Centro de destino                  | Nivel | Forma Prov. | Subgrupo | Corpo/escala | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
| IV.O1.10.0<br>00.115770.<br>062  | XEFATURA<br>SERVIZO DE<br>VIVENDA<br>PROTEXIDA | SECRETARIA<br>XERAL DO<br>I.G.V.S. | 28    | CE          | A1-A2    | XERAL        | AXG        |                | 2062                 |                      |

### 3.2.1.2.- CENTRO DE DESTINO: DIRECCIÓN TÉCNICA DE AXUDAS Á VIVENDA

#### 3.2.1.2.1.-Servizo de Acceso á Vivenda.

Unidade de nova creación por estrutura orgánica. Entre outras, correspóndelle, maioritariamente, a función de tramitación e/ou coordinación dos programas de axudas para a promoción ou o acceso á vivenda que se lle encomenden a dirección xeral do IGVS, motivo polo que se xustifica a área funcional ECO (ECONÓMICO-ORZAMENTARIO) pola tramitación do pagamento a todas as persoas que resulten beneficiarias de axudas.

Así mesmo, pola función encomendada a esta unidade de regulacións normativas relativas aos programas previstos nos plans estatais ou autonómicos de vivenda para a promoción e o acceso á vivenda, en compra ou en alugueiro, e tramitar os correspondentes proxectos normativos, bases reguladoras e convocatorias de subvencións debería conter unha formación específica de 501 (LIC./GRAO DEREITO -MÉRITO-)

| NOVA CREACIÓN POR ESTRUCTURA ORGÁNICA |                                         |                                                |       |             |          |              |            |                |                      |                      |
|---------------------------------------|-----------------------------------------|------------------------------------------------|-------|-------------|----------|--------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| Cód. Posto                            | Denominación                            | Centro de destino                              | Nivel | Forma Prov. | Subgrupo | Corpo/escala | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
| IV.O11.00.<br>006.15770<br>.015       | XEFATURA<br>SERVIZO ACCESO<br>Á VIVENDA | DIRECCIÓN<br>TÉCNICA DE<br>AXUDAS Á<br>VIVENDA | CE    | A1-A2       | XERAL    | AXG          |            | ECO            |                      | 501                  |

#### 3.2.1.2.2.- Servizo de Axudas á Rehabilitación

Unidade de nova creación por estrutura orgánica. Correspóndelle a xestión de calquera axuda relativa a rehabilitación de vivendas (conxuntos históricos, espazos degradados,

Rehabilitación e reconstrución en ámbitos urbanos e non urbanos...)

Débase encadrar na Área funcional ECO pola tramitación das diferentes axudas relacionadas directamente polos trámites contables.

| NOVA CREACIÓN POR ESTRUCTURA ORGÁNICA |                                          |                                       |       |             |          |              |            |                |                      |                      |
|---------------------------------------|------------------------------------------|---------------------------------------|-------|-------------|----------|--------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| Cód. Posto                            | Denominación                             | Centro de destino                     | Nivel | Forma Prov. | Subgrupo | Corpo/escala | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
| IV.O11.00.006.15770.051               | XEFATURA SERVIZO AXUDAS Á REHABILITACIÓN | DIRECCIÓN TÉCNICA DE AXUDAS Á VIVENDA | CE    | A1-A2       | XERAL    | AXG          |            | ECO            |                      |                      |

### 3.2.1.2.3.- Servizo de Axudas ao Alugueiro.

Unidade de nova creación por estrutura orgánica. Correspóndelle, principalmente, a función de tramitación e/ou coordinación dos programas de axudas para o alugueiro de vivenda, ademais de dar apoio e asesoramento para o correcto desenvolvemento dos diferentes programas de acceso á vivenda en alugueiro. Pos estes motivos, a súa área funcional debe ser asociada a ECO (ECONOMICA-ORZAMENTARIA).

Ademais, debería conter a Formación Específica 500 (LIC./GRAO DEREITO/ECONÓMICAS/EMPRESARIAIS -MÉRITO) polas funcións que ten encomenda por estrutura orgánica relativas á tramitación e/ou coordinación dos programas de axudas para o alugueiro de vivenda, ao apoio e asesoramento para o correcto desenvolvemento dos diferentes programas de acceso á vivenda en alugueiro e á colaboración coa Dirección Técnica de Xestión Económica e Patrimonial para a correcta aplicación dos fondos transferidos polo Estado e o seguimento dos balances e liquidacións correspondentes aos distintos plans de vivenda nas materias da súa competencia.

| NOVA CREACIÓN POR ESTRUCTURA ORGÁNICA |                                      |                                       |       |             |          |              |            |                |                      |                      |
|---------------------------------------|--------------------------------------|---------------------------------------|-------|-------------|----------|--------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| Cód. Posto                            | Denominación                         | Centro de destino                     | Nivel | Forma Prov. | Subgrupo | Corpo/escala | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
| IV.O11.00.006.15770.055               | XEFATURA SERVIZO AXUDAS AO ALUGUEIRO | DIRECCIÓN TÉCNICA DE AXUDAS Á VIVENDA | CE    | A1-A2       | XERAL    | AXG          |            | ECO            |                      | 500                  |

### 3.2.1.3.- CENTRO DE DESTINO: DIRECCIÓN TÉCNICA DE SOLO RESIDENCIAL

#### 3.2.1.3.1- Dirección Técnica de Solo Residencial.

A nova estrutura orgánica do IGVS (Decreto 143/2024, do 20 de maio) crea esta unidade con rango de subdirección xeral.

Correspóndelle as seguintes funcións:

- a) A proposta das disposicións normativas precisas relativas ás competencias en materia de solo residencial do IGVS.
- b) A proposta, elaboración e xestión dos programas de actuación en materia de planificación e desenvolvemento de solo residencial.
- c) A xestión e supervisión dos correspondentes instrumentos urbanísticos, de ordenación do territorio, xestión e desenvolvemento de solo residencial, proxectos de urbanización, así como dos expedientes de expropiación oportunos para a consecución dos fins do IGVS.
- d) A xestión da adquisición, cesión e alleamento de solo destinado aos fins do IGVS.
- e) A elaboración dos pregos de prescricións técnicas necesarios para todas as actuacións relacionadas co solo residencial, incluídas as de adquisición, constitución de dereitos e alleamento do solo residencial do IGVS, así como a emisión dos informes técnicos de avaliación das ofertas.
- f) A emisión de informes relativos aos aspectos técnicos e urbanísticos dos documentos de declaración de Áreas de Rehabilitación Integral (ARI) e Áreas de Rexeneración Urbana de interese autonómico (Rexurbe) e a coordinación das actuacións e criterios técnicos dos servizos técnicos provinciais nestes campos.
- g) A coordinación e o seguimento das encomendas, encargos ou convenios asinados con sociedades urbanísticas, empresas ou sociedades que teñan como finalidade a promoción e xestión do solo residencial.
- h) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados de acordo con estas funcións.

Tendo en conta o anterior, este posto pode ser ocupado por corpos xerais (XERAL) ou por corpos especiais ESA (ESC. ARQUITECTOS) e/ou ESE1 (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS). A súa provisión é por libre designación (LD) por ter rango de subdirección xeral (nivel 30).

| NOVA CREACIÓN POR ESTRUCTURA ORGÁNICA |                                          |                                       |       |             |          |                  |            |                |                      |                      |
|---------------------------------------|------------------------------------------|---------------------------------------|-------|-------------|----------|------------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| Cód. Posto                            | Denominación                             | Centro de destino                     | Nivel | Forma Prov. | Subgrupo | Corpo/ escala    | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
| IV.011.00.007.15770.001               | DIRECTOR/A TÉCNICO/A DE SOLO RESIDENCIAL | DIRECCIÓN TÉCNICA DE SOLO RESIDENCIAL | 30    | LD          | A1       | XERAL/ ESA/ ESE1 | AXG        |                |                      |                      |

### 3.2.1.3.2 Servizo de Xestión e Réxime Xurídico de Solo

Unidade de nova creación por estrutura orgánica. Debe posuír a titulación académica 2062 (LIC./GRAO DEREITO) polas funcións que ten encomendadas de máis relevancia: elaboración das disposicións normativas precisas relativas ás competencias en materia de solo residencial do IGVS e o asesoramento xurídico na xestión dos correspondentes instrumentos urbanísticos, de ordenación do territorio e proxectos de urbanización, así como dos expedientes de expropiación oportunos para a consecución dos fins do IGVS. Por estes motivos a área funcional debe ser XUR (TÉCNICO-XURÍDICA), ademais da forma de provisión de concurso específico e nivel 28A.

| NOVA CREACIÓN POR ESTRUCTURA ORGÁNICA |                                                 |                                       |       |             |          |              |            |                |                      |                      |
|---------------------------------------|-------------------------------------------------|---------------------------------------|-------|-------------|----------|--------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| Cód. Posto                            | Denominación                                    | Centro de destino                     | Nivel | Forma Prov. | Subgrupo | Corpo/escala | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
| IV.O11.00.007.15770.020               | XEFATURA SERVIZO XESTIÓN E RÉXIME XURÍDICO SOLO | DIRECCIÓN TÉCNICA DE SOLO RESIDENCIAL | 28    | CE          | A1-A2    | XERAL        | AXG        | XUR            | 2062                 |                      |

### 3.2.2.- Creación de postos de funcionarios por cambio non orgánico

Esta proposta de RPT crea 17 postos de traballo novos (sen ter en conta os 6 creados xa por estrutura orgánica). En concreto, con estas creacións e modificacións poténsiase as seguintes áreas:

- Edificación: ( 8 postos) En servizos **centrais 4 postos**, increméntase con 2 postos de arquitectos-funcións facultativas, 1 sección de contratación (II) e 1 sección xurídica debido o incremento de traballo na Dirección Técnica de Edificación e Calidade co obxectivo de incrementar o parque de vivendas públicas ata acadar as 8.000 vivendas, das 4.000 existentes, ademais dos novos cometidos que se introducen na Lei 10/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas relativas ás medidas para axilizar a construción de vivendas de promoción pública de titularidade autonómica (artigo 74).

Así mesmo, increméntase **nas áreas provincias 4 postos** de arquitecto-funcións facultativa, 1 para cada área.

Neste sentido, debe destacarse o incremento de traballo derivado do obxectivo de duplicar o número de Vivendas de Promoción Pública ata 2028. Para o cumprimento do dito obxectivo é fundamental contar con persoal técnico tanto para os expedientes de contratación como para o seguimento dos proxectos e das obras. Ademais, coas medidas que se pretenden implantar para a axilización da construción destas vivendas os informes dos servizos técnicos do IGVS substitúen á licenza de obra polo que é preciso contar tamén con persoal para realizar estas funcións, non só dende o punto de vista técnico senón tamén xurídico.

Ademais deberá de seguir coas obras de rehabilitación ao amparo do programa Rexurbe que tamén se incorporan ao parque público de vivendas da Xunta de Galicia.

O persoal de contratación é necesario para poder tramitar os expedientes de contratación necesarios para construír as vivendas e realizar os pagamentos e xustificación ao Ministerio das actuacións financiadas con MRR.

- Solo Residencial: (2 postos) increméntase un (1) posto de xefatura de sección para levar a cabo a xestión económica da contratación e pagamentos xerados nesta nova dirección técnica, ademais dun (1) posto de sección polo novos cometidos que se introducen na Lei



10/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas relativas ao solo residencial (artigo 62 e seguintes) e para a necesidade de levar a cabo a preparación para a licitación de proxectos de redacción de PIA(s), expedientes de expropiacións, parcelación e urbanización.

A necesidade deste persoal ven fundamentado no obxectivo de desenvolver solo para 25.000 vivendas, 20.000 delas protexidas, ata 2028 así como de obter solo urbano de cesión gratuíta por parte dos concellos para que tanto o IGVS como a sociedade de vivenda pública de Galicia (VIPUGAL) constrúan vivenda pública. Isto implica a licitación e tramitación de aproximadamente 12 Proxectos de Interese Autonómico (PIAs) cunha superficie de máis de 3,5 millóns de m<sup>2</sup>, cos seus correspondentes expedientes de expropiación, parcelación e urbanización. Así mesmo, tamén deberán ocuparse, en coordinación co departamento de edificación, de conseguir solos urbanos de cesión municipal para a construción de novas vivendas de promoción pública.

- Axudas á vivenda: (7 postos) **En servizos centrais créanse 1** posto para a xestión de axudas (1 negociado, N 18).

- Nas **áreas provinciais créanse 6 postos**: 4 postos para reforzar a tramitación das axudas:
  - A Coruña: 1 negociado (N 18)
  - Lugo: 1 negociado (N 18)
  - Ourense: 1 negociado (N 18)
  - Pontevedra: 1 negociado (N 18)
- Ademais, créanse estes 2 postos máis:

- Rexistro de Demandantes: Créase 1 sección na área de Ourense por equivalencias coas demais áreas provinciais.

Esta sección é ademais necesaria debido ao volume de traballo que ten o rexistro de demandantes e que se verá incrementado coa promoción das novas vivendas e o desenvolvemento de solo residencial.

- Oficina de Vigo: Créase 1 posto base C1 (N14) para reforzar a atención a cidadanía e a xestión.

En Vigo estase a ter moitas queixas porque o persoal non pode atender ás persoas que demandan os seus servizos.

Neste sentido, hai que destacar a saturación que ten o IGVS na xestión de axudas que se verá incrementado co novo plan estatal, coa nova publicación do bono mocidade e tamén coa necesidade de cualificar e adxudicar as promocións de vivendas protexidas en solo residencial do IGVS, así como as que leve a cabo a nova sociedade pública VIPUGAL en execución do obxectivo de acadar, conxuntamente co IGVS, ás 8.000 vivendas no 2028.

Para dar unha idea do volume de traballo, no período 2021-2023 concedéronse 13.585 axudas de acceso á vivenda, 7.321 de rehabilitación (para 30.311 vivendas), 68 acordos con concellos para rehabilitación edificatoria e 66 dos préstamos a concellos do fondo de cooperación. Adxudicáronse 415 VPP; autorizáronse 120 transmisións de VPP; cualificáronse 435 VPA provisionalmente e 366 definitivamente e visáronse 1.214 contratos de alugueiro e 1.548 de compra de vivendas.

Por centro de destino, estas son as propostas de creacións:

### 3.2.2.1.-CENTRO DE DESTINO: DIRECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓN E CALIDADE:

Como consecuencia do incremento da edificación de vivenda pública en Galicia é necesario dotar de dous (2) postos novos de ARQUITECTO/A FUNCIONS FACULTATIVAS, da escala (ESA). Debido as tarefas de inspección e control de obras é preciso contar como mérito a formación específica 168 (mérito carné de conducir). O resto de características destes postos deben ser as mesmas cos xa existentes (N 26).

| NOVA CREACIÓN           |                                    |                                          |       |             |          |               |            |                |                      |                      |
|-------------------------|------------------------------------|------------------------------------------|-------|-------------|----------|---------------|------------|----------------|----------------------|----------------------|
| Cód. Posto              | Denominación                       | Centro de destino                        | Nivel | Forma Prov. | Subgrupo | Corpo/ escala | Adscr. Adm | Área funcional | Titulación Académica | Formación Específica |
| IV.O11.00.004.15770.031 | ARQUITECTO/A FUNCIONS FACULTATIVAS | DIRECCIÓN TÉCNICA EDIFICACIÓN E CALIDADE | 26    | C           | A1       | ESA           | AXG        |                |                      | 168                  |
| IV.O11.00.004.15770.034 | ARQUITECTO/A FUNCIONS FACULTATIVAS | DIRECCIÓN TÉCNICA EDIFICACIÓN E CALIDADE | 26    | C           | A1       | ESA           | AXG        |                |                      | 168                  |

Ademais, debido aos novos cometidos introducidos na Lei 10/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas relacionados coa edificación (artigo 74), máis concretamente coas medidas para axilizar a construción de vivendas protexidas de promoción pública de titularidade autonómica, na que agora as obras públicas de interese xeral non estarán sometidas a licenza urbanística nin a actos de control preventivo municipal; no seu lugar, exige unha aprobación por parte do IGVS que, ademais dos informes técnicos que procedan, débese emitir informes sobre cumprimento da normativa urbanística de aplicación para trasladar ao concello respectivo. Por este motivo é preciso a creación de 1 posto de sección xurídica, con titulación académica 2062 (GRAO/LIC. EN DEREITO) e como mérito 058 (COÑECAMENTOS URBANÍSTICOS), ademais de estar vinculado polas funcións a desenvolver á área funcional Técnico-Xurídica (XUR). Dito posto debe estar adscrito directamente á Dirección Técnica de Edificación e Calidade.

